

1 Editores de texto

Nesta sección explicaranse un par de posibles editores de ficheiros para poder modificar e parametrizar a configuración do sistema en modo consola.

1.1 Sumario

- 1 Comandos utilizados
- 2 Editor nano/pico
- 3 O editor vi / vim
- 4 vi vs nano
- 5 Curiosidades

1.2 Comandos utilizados

nano / pico: editor sinxelo de texto

vi / vim: editor un chisquiño máis complicado que traballa en distintos modos.

1.3 Editor nano/pico


nano é un editor sinxelo de texto, clonado do editor Unix chamado **pico**.

En GNU/Linux a execución dos comandos **pico** ou **nano** abren o mesmo editor.

Nano/pico é un editor semellante ao **edit** de MS-DOS.

nano

Abre a seguinte aplicación:



```
GNU nano 2.0.9 Novo Buffer Modificado
Este editor e bastante parecido ó edit de MS-DOS,
(Que tempos!!!!, cando a vida cabia nun disquete de 5 1/4)_

^G Axuda  ^O Gravar  ^R Ler Fich  ^V Páx Prev  ^K Cortar Txt  ^C Pos Act
^X Sair    ^J Xustif   ^W Buscar    ^U Páx Seg   ^U Pegar Txt  ^I Ortografía
```

Premendo CTRL+X sáese do editor e se hai modificacións pregunta se se desexa gardar e o nome do arquivo.



TAMÉN PODES VER...

Se queres afondar sobre o manexo deste editor podes consultar estes enlaces:

- [Sitio Web do proxecto nano](#)
- [man nano](#)

1.4 O editor vi / vim

O editor **vim** é o editor **vi** mellorado (vi iMproved).


As versións actuais de Ubuntu traen por defecto instalado o **vim**. A execución do comando **vi** ou **vim** abre o mesmo editor.

Este editor traballa basicamente en 2 modos:

- **Modo comandos:** onde as teclas que se preman poden realizar algunha acción no editor. O editor sempre se inicia en modo comando e sempre se poderá volver a ese modo premendo a tecla ESC.
 - ♦ premendo **i**: pásase a modo edición.
 - ♦ **:q** -> sae do programa se non se fixeron modificacións.
 - ♦ **:q!** -> sae do programa descartando as modificacións.
 - ♦ **:wq** -> sae do programa gardando as modificacións.
- **Modo edición:** permite engadir texto ó ficheiro. Para volver ó modo comandos premer ESC e logo introducir o comando desexado.

vi

Abre a seguinte aplicación:



```
VIM - Vi IMproved
          version 7.2.245
    by Bram Moolenaar et al.
Vim is open source and freely distributable

  Help poor children in Uganda!
type  :help iccf<Enter>      for information

type  :q<Enter>              to exit
type  :help<Enter> or <F1>  for on-line help
type  :help version?<Enter> for version info

                                0,0-1      All
```

Se na pantalla anterior se preme a letra **i** pásase ao modo edición. A seguinte imaxe amosa o editor en modo edición.

```
E quen non se lembra do fanoso ____ vi.  
Que tempiños nos que había que aprender tanto comando e combinación de teclas!!!  
-- INSERT --                               3,1      All
```

Para saír é preciso volver ao modo comandos: premer **ESC**. Para saír sen gardar escribir **:q!** e premer ENTER.

```
E quen non se lembra do fanoso ____ vi.  
Que tempiños nos que había que aprender tanto comando e combinación de teclas!!!  
:q!
```



TAMÉN PODES VER...

Se queres afondar sobre o manexo deste editor podes consultar estes enlaces:

- [Páxina do proxecto vim](#)
- [man vim](#)
- [Manual do editor vi](#) do Profesor Antonio Yañez da [Facultade de Informática da Universidade da Coruña](#)

1.5 vi vs nano

Como agora todos os periódicos teñen enquisas de opinión un día si e outro tamén, pois para estes comandos non podía ser menos: [Con cal te quedas?](#)

1.6 Curiosidades

Quen dixo que os profesores de universidade eran pouco dados ao humor e a sorna?. Revisade con tranquilidade e gozade do sarcasmo:

O [formato doc](#). Este profesor (Antonio Yañez) ofrece as prácticas en varios formatos, non perderse o que sucede se se escolle, case ao final da páxina, o formato **.doc**. Boísimo, non deixar de lelo até o final de todo, incluso o final.

-- [Antonio de Andrés Lema](#) e [Carlos Carrión Álvarez](#)